



Poemas para lembrar a Rosalía de Castro na véspera do seu día grande

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega recordou a vixencia da súa obra no contexto actual

O Manifesto recolleu o pensamento máis crítico de Rosalía contra a desigualdade e as inxustizas sociais

G24.gal 22/02/2026

<https://www.g24.gal/-/poemas-para-lembrar-a-rosalia-de-castro-na-vespera-do-seu-dia-grande>

O luns, **23 de febreiro**, celébranse 189 anos do nacemento de **Rosalía de Castro**. A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega conmemorou a efeméride.

Fíxoo nun acto no Panteón de Galegos Ilustres, recordando á Rosalía de *Follas Novas*, a da denuncia social e o compromiso cos máis débiles. A carón do panteón onde **repousan os seus restos**, un ano máis os poemas de Rosalía resoaron en San Domingos de Bonaval.

"Vendéronlle o carro i as leiras que tiña;/ deixárono sóio cou ropa vestida./ "María, eu son mozo, pedir non me é dado;/ eu voy polo mundo pra ver de ganalo".

"Dun golpe, dun soio!, deixeiños sen vida./ E ó lado, contenta, senteime das vítimas,/ tranquila, esperando pola alba do día./ I estonces... estonces, cumprouse a xustiza".

O Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega recolleu a **vixencia das denuncias sociais de Rosalía, contra a desigualdade, a violencia e a cobiza**.

"A súa obra aborda con verdade e lucidez toda a problemática humana, tanto desde a súa emocionalidade como na súa dimensión social e política. Isto hoxe en día é imprescindible porque se fai necesario reflexionar e actuar fronte aos perigos que vemos acotío", asegura Eva Veiga, poeta e escritora do Manifesto deste ano da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

"Os poemas que ela ten son como a grande poesía. Eses que un pode ler e dan un resultado distinto segundo a época da vida en que un os le. A lectura de Rosalía non se esgota", recordou Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Este luns, día do aniversario, a Asociación celebrará **actos de homenaxe en distintas cidades galegas e promoverá a obra da autora nos centros de ensino**. Súmanse así aos actos aos organizados pola propia Fundación Rosalía en Padrón e Santiago.